



## DE NOVO DEBEMOS LOITAR

### 1 h de paro todos os mércores para todo o persoal

De novo a empresa volve cos plans que deixou aparcados durante a negociación do Convenio debido á mobilización dos traballadores e traballadoras, de novo debemos volver loitar por manter as condicións laborais que a empresa pretende liquidar.

Despois das reunións das mesas de negociación permanente (clasificación profesional, comisión de emprego,...) volven facerse evidentes as intencións da empresa de **avanzar no novo modelo de clasificación profesional, a nova estrutura salarial, a liquidación da antigüidade...** A forma totalmente opaca en que traballan esas mesas de negociación, nas que falta unha parte da representación sindical, fai que o perigo sexa aínda maior que durante a negociación do convenio, por iso é necesaria a loita por parte da totalidade do cadro de persoal.

A estas cuestións debemos engadir a **externalización de actividades** en multitude de áreas, actividades que pasarán a ser realizadas en condicións precarias e que acantoan os traballadores e traballadoras de Telefónica en tarefas cada vez menos especializadas. Ademais **a empresa decide incumplir o convenio e non aplicar a suba salarial asinada, a pesar do incremento de novo nos beneficios e do balance do primeiro trimestre do ano 2009, francamente positivo.**

Detrás de todos estes movementos está a intención de cambiar o modelo de empresa: a intención é individualizar o contrato de traballo e polo tanto as condicións laborais de cada un de nós, liquidando o instrumento de defensa colectiva que é a Negociación Colectiva. Isto explica a represión sindical e as sancións e despedimentos dos delegados e delegada de Madrid. Ante a grave pretensión da empresa, a resposta tamén debe ser grande e, para intentar evitala, Telefónica castiga inxustamente o sindicalismo reivindicativo e non sometido.

Os sindicatos da **Coordinadora de Burgos** (Ast, Co.bas, Esk, CIG, Lab, Ela, Ec) intentamos ata a saciedade abrir unha vía de diálogo con RRHH para tratar o tema das inxustas sancións e despedimentos por participar nunha manifestación en Madrid durante o convenio; as cartas enviadas pola nosa coordinadora, as enviadas por AST, as de Co.bas, as enviadas desde algúns comités de empresa, por unanimidade de todos os sindicatos de Madrid e de Barcelona non serviron.

De novo volvemos intentalo e imos solicitar unha reunión coa empresa para facer entrega das miles de sinaturas recollidas entre o cadro de persoal para solicitar a retirada das sancións e a readmisión dos despedidos, a situación actual dos cales é a seguinte:

Desenvolvéronse xa varios xuízos, hai dúas sentenzas e faltan outras aínda. Lembremos:

- Sentenza que confirma o despedimento de Álvaro e Porfirio, e declara improcedente o de Teresa. A sentenza esta recorrida pola Empresa e por AST. Os recursos saíran no último trimestre do ano.
- O xuízo dos tres delegados sancionados con 45 días de AST: pendente o 14 de xullo e o xuízo das sancións de 45 días ao delegado de CGT e o de STC-UTS é en xuño.
- O compañeiro de Co.bas, Juan Torres, gañou o xuízo e quedou anulada a súa sanción de 45 días. O xuíz afirma na sentenza de Juan que non hai probas de "ocupación ilegal de centro de traballo, nin ofensas verbais, nin agresión física a outros traballadores, nin ao persoal...", que eran as acusacións da Empresa.
- Por ultimo, queda pendente un xuízo penal, contra 8 dos sancionados.

Como explicamos anteriormente, todas estas cuestións están relacionadas e así debemos ser capaces de velo e analízalo; por ese motivo, e para facer uso unha vez máis da presión-mobilización-negociación, imos convocar **paros indefinidos os mércores (a última hora das quendas de mañá, noite e partido, e a primeira hora da quenda de tarde) a partir do 27 de maio.**

Os motivos da convocatoria de folga son os seguintes:

- Pola retirada dos Despedimentos e as Sancións aos delegados de Madrid e para impedir a aplicación do réxime disciplinario indiscriminado ao cadro de persoal.
- Contra a externalización de actividade en: GMO's, Comercial, IM, OSI, Almacéns,... e polo mantemento desta con persoal propio.
- Polo cumprimento dos acordos do 2 de xullo de 2008 comprometidos pola empresa en materia salarial para o ano 2009.
- En contra das pretensións empresariais de cambiar a estrutura salarial en canto a soldos base, antigüidade e pase de niveis.

### **SOBRAN MOTIVOS PARA A MOBILIZACIÓN**

Os sindicatos convocantes estamos convencidos de que a única forma de parar esta ofensiva da empresa pasa pola mobilización; nunca nos negamos ao diálogo, pero tampouco renunciamos á presión-mobilización para defender os dereitos dos traballadores e traballadoras. O que nos xogamos nestes momentos é permitir ou non o cambio de modelo que pretende a empresa e que empeoraría gravemente as nosas condicións laborais.

Mirar para outro lado e non reaccionar ante estas cuestións empeoraría sen dúbida a nosa capacidade para a defensa colectiva e organizada das nosas condicións laborais; por esa razón pedimos a participación de todos e todas nos paros que convocamos. Os motivos para o paro non son cuestións illadas, teñen moita relación e, por iso, demándanse conxuntamente.

É necesario lembrar que nas mobilizacións de xuño pasado se loitaba por un bo convenio para todo o cadro de persoal e o que pasou nelas non xustifica ningún despedimento.

Creemos que os despedimentos e sancións poden ter unha solución dialogada, é o que estamos a intentar coa entrega de sinaturas e a mobilización, pero a empresa debe ser consciente de que os traballadores e traballadoras non imos renunciar á defensa das nosas condicións laborais.

### **O mércores 27 de maio é necesaria a túa participación para:**

- **EXIXIR A RETIRADA DOS DESPEDIMENTOS E SANCIÓNS.**
- **FREAR A EXTERNALIZACIÓN DE ACTIVIDADE E O SOLAPAMENTO DE FUNCÍONS.**
- **EXIXIR O CUMPRIMENTO DOS ACORDOS NA SUBA SALARIAL ASINADA.**
- **FREAR A INTENCIÓN DA EMPRESA DE LIQUIDAR A ANTIGÜIDADE E CAMBIAR A ESTRUCTURA SALARIAL ACTUAL.**